

A Cámara organiza unha xornada sobre as novas responsabilidades penais das empresas

Ferrol. 13/07/2011. A Cámara de Comercio de Ferrol, en colaboración co bufete Gómez-Acebo&Pombo organiza, para o próximo 21 de xullo, unha xornada sobre os novos riscos penais da empresa.

O obxectivo é informar aos empresarios sobre as implicacións que para as sociedades mercantís ten a recente reforma do Código Penal, que contempla, por primeira vez no noso ordenamento legal, a posibilidade de condenar penalmente ás persoas xurídicas non só polas actuacións ilícitas dos seus administradores senón tamén polas dos seus directivos e empregados.

A primeira parte da xornada estará dedicada a analizar os novos riscos derivados da criminalización de condutas empresariais, como pode ser o fraude contable, os delitos urbanísticos e ambientais, o mobbing ou o acoso inmobiliario.

Tamén se tratará sobre o incremento das penas —que irán desde multas, disolución, suspensión da actividade, clausura de locais, inhabilitación para conseguir subvencións, etc.— e se explicarán as medidas de prevención e control que poden adoptar os empresarios para evitar responsabilidades delictivas por feitos cometidos por persoas integradas na súa organización.

A segunda parte da sesión estará dedicada a informar sobre a normativa para a prevención do branqueo de capitais que require que as empresas implanten novos procedementos para eludir sancións económicas derivadas das infraccións administrativas nas que se pode incorrer por inadvertencia ou por falta de coñecemento da norma.

Intervirán como relatores os avogados Carlos Sáiz Díaz e Vanessa Fernández Lledó, do departamento penal de Gómez-Acebo&Pombo, especializados en delitos económicos (fiscais, societarios, patrimoniais, urbanísticos, ambientais, etc.)

A asistencia ten carácter gratuíto para as empresas que formalicen previamente a súa inscrición.

